



# Global express

A actualidade na aula

## Johannesburgo: salvémola Terra...ou non



Esta edición de Global Express presenta outra visión do que pasou en Johannesburgo e as implicacións que terá na busca dun desenvolvemento do planeta equitativo e respectuoso co medio natural.

Dez anos despois de que a protección do medio natural se incluíse na axenda internacional, o Cumio da Terra 2002 era o momento de consolida-los avances e de establecer novos acordos por un mundo máis sostible e equitativo. Pero a reunión en Johannesburgo acabou sen ningún compromiso firme por parte dos países máis ricos. No Cumio da Terra triunfaron os intereses económicos, unha traxedia para as persoas pobres e para o medio natural.

# Johannesburgo: do dito... ó feito.



Durante o primeiro cumio da Terra celebrado en 1992 en Río de Xaneiro, Brasil, tratáronse temas como o cambio climático, a deforestación e a extinción de centos de especies animais e vexetais a causa da explotación indiscriminada dos recursos naturais. Tamén se discutiron as opcións dos países máis pobres para exercerem o seu dereito ó desenvolvemento sen que iso hipoteque os seus recursos naturais nin o futuro do planeta. O cumio de Río rematou cun completo documento de compromisos e un plan de acción ratificado por tódolos países participantes, onde se especificaban medidas concretas que cada país debía aplicar e regular para alcanza-las condicións óptimas que garantan que as xeracións futuras tamén poidan gozar do planeta.

Neste mes de setembro, Johannesburgo acollía o Cumio da Terra 2002. Era o momento de render contas dos avances feitos, avalia-los resultados e formular novos retos. Para iso reuníronse na cidade sudafricana máis de 50.000 persoas, entre delegados de 180 países e de organismos internacionais, e representantes de entidades sociais e económicas e de centos de organizacións non-gobernamentais.

## Dez anos despois... ¿que?

**Durante estes anos avanzouse pouco en poñer en práctica os compromisos** de Río. O desenvolvemento sen dana-lo medio supón grandes investimentos a curto prazo que non dan un beneficio inmediato, polo que non se considera viable segundo as regras que rexen o sistema económico mundial. Por esta razón, os países do sur amósanse a miúdo escépticos respecto ós compromisos dos países do norte cando estes falan de desenvolvemento sostible e, ademais, esíxennles ós países menos desenvolvidos que apliquen medidas de conservación do medio. De feito, os países do norte son os maiores consumidores de enerxía e de recursos naturais, polo que os países pobres lles esixen compartí-los custos e mailas responsabilidades que comporta o respecto polo medio natural.

Con todos estes intereses en xogo era difícil que Johannesburgo supuxese un avance real na axenda por un desenvolvemento sostible equitativo. Aínda que moitos líderes políticos destacaron os éxitos do cumio, a maioría das organizacións e dos activistas presentes queixáronse de que a reunión non foi máis ca unha cara perda de tempo –o custo total do cumio estimouse en aproximadamente 60 millóns de euros.

**¿Por que?** Algunhas das razóns son o feito de que había demasiadas cuestións para discutir nun único encontro, as dificultades financeiras internacionais existentes nestes momentos e, sobre todo, os esforzos dalgúns países para que non se promovan novos compromisos e calendarios, como foi o caso de Estados Unidos, Xapón, Australia e Canadá, ademais

da falta de iniciativa e de liderado da Unión Europea. En xeral, os acordos alcanzados en Johannesburgo reflicten os intereses duns poucos países, que coinciden cos das grandes empresas multinacionais, especialmente daquelas que se dedican á extracción de recursos naturais. É certo que houbo acordos sobre puntos concretos, como a limitación do uso de produtos químicos perigosos para a saúde na agricultura ou a decisión –rebaixada por unha emenda de Estados Unidos– de frea-la pesca de especies ameazadas. Pero no que se refire á axuda para o desenvolvemento ou á condonación da débeda externa, non parece que os países ricos estean dispostos a asumir novos compromisos que permitan dar un salto adiante respecto ós acordos das últimas conferencias internacionais. Noutros temas moi relevantes, como os acordos multilaterais sobre o medio natural, a eliminación dos subsidios agrícolas ou o fomento das novas enerxías renovables, as negociacións quedaron nunha mera declaración de intencións, sen formular medidas nin estratexias concretas. Os resultados do cumio non responden ás expectativas da opinión pública nin ás da maioría dos países do sur, que querían compromisos reais. Foi unha cita máis, unha oportunidade perdida máis e un paso atrás na loita global por un planeta máis san, máis xusto e accesible para todos.

## Os acordos do CUMIO

### Auga

Os gobernos acordaron reducir á metade o número de persoas de todo o mundo que non ten acceso á auga potable (1.100 millóns) e o das que carecen de sistemas de saneamento (2.200 millóns), para o ano 2015. Este acordo foi aceptado por Estados Unidos a cambio de que non se poñan prazos fixos para o uso de enerxías renovables nos países industrializados. Este foi quizais o principal éxito do cumio. Sen embargo, pódese deixar en gran parte en mans das grandes empresas privadas que dominan o sector.

### Enerxía

Aínda que no cumio se adoptou o compromiso de facilita-lo acceso dos países empobrecidos a enerxías sostibles e accesibles, os gobernos do norte negáronse a establecer calendarios e mecanismos prácticos para potenciaren o uso de enerxías de fontes renovables, como a enerxía solar ou a eólica. Neste punto opuxéronse abertamente Estados Unidos e algúns países en desenvolvemento, produtores de petróleo, co apoio das multinacionais petroleiras. Este foi un dos grandes fracasos do cumio, que demostran que os intereses nacionais a curto prazo pasan por encima do mantemento do planeta.

### Quentamento global

Como único avance nesta cuestión, Rusia e Canadá anunciaron por fin que ratificarían o protocolo de Kyoto para a redución da emisión de gases que provocan o efecto invernadoiro. Con estas adhesións, o protocolo xa poderá

# Frases do cumio



**"O progreso cara ás metas establecidas en Río foi máis lento do que se cría, e nalgúns aspectos as condicións son peores que hai 10 anos"**

(KOFI ANNAN, SECRETARIO XERAL DA ONU)

A vontade de traballar por un planeta máis limpo e equitativo choca frontalmente cos intereses económicos das grandes empresas multinacionais e cos dos gobernos do norte, porque supón altos investimentos que dificilmente se teñen en conta á hora de calcular os custos dunha actividade productiva. Nun comunicado, o foro paralelo organizado polas ONG sentenciou: "Os países ricos axeónllanse ante os grupos que representan os intereses das poderosas corporacións internacionais". Máis aló das palabras, a maioría dos países do norte négase a aplica-las estratexias e mailas políticas que eles mesmos aprobaron hai 10 anos.

**"A Unión Europea debe asumi-lo liderado e garantir que en Johannesburgo o mundo pase das palabras ós feitos. Temos que facer oír a nosa impaciencia no ámbito mundial"**

(MARGOT WALSTRÖM, COMISARIA EUROPEA DO MEDIO).

Aínda que a Unión Europea quixo mante-lo seu papel de liderado internacional nas políticas ambientais globais, as boas intencións tamén quedaron en meras palabras, sobre todo cando chocaron coa firmeza de países como Estados Unidos, Canadá, Australia ou Xapón, que se negaron a concretar propostas sobre os temas centrais do cumio. No caso de España, o Goberno foi acusado polas organizacións non-gobernamentais de pasividade e de falta de interese polo cumio, lembrando que nin sequera está aprobada a Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible.

**"A menos que asegurémo-la saúde destes ecosistemas (en e dos que vivimos) nunca poderemos garantir un nivel de vida aceptable para gran parte da poboación mundial"**

(CLAUDE MARTIN, DIRECTOR XERAL DE WWF INTERNACIONAL).

Vivimos nun planeta moi xeneroso, moi rico, pero os seus fondos, os seus recursos, teñen límites. Resulta evidente que asegura-lo acceso ós recursos básicos e mellora-las condicións de saúde e os medios de vida dos máis pobres do mundo non se pode lograr sen o mantemento da integridade dos ecosistemas naturais en que vivimos. Hai que garanti-la alimentación dos seis mil millóns de persoas que agora habitan a Terra, pero tamén a dos que aínda teñen que nacer.

**"Unha sociedade global baseada na pobreza para moitos e na prosperidade para uns poucos, rodeados por un océano de pobreza, non é sostible"**

(THABO MBEKI, PRESIDENTE DE SUDÁFRICA).

A posición reivindicativa de moitos países do sur contrasta coa indiferencia dos países do norte. A maioría dos seus recursos foron depredados e serviron para enriquece-las sociedades do norte. Por iso agora esixen condicións globais para aplicar un desenvolvemento sostible que garanta unha distribución máis equitativa dos recursos naturais e o acceso ós servizos básicos da poboación mundial.

entrar en vigor, a pesar de que Estados Unidos segue sen da-lo seu apoio.

## Recursos naturais e biodiversidade


Un acordo xa subscrito propón lograr en 2010 unha redución significativa da taxa actual de perda da diversidade biolóxica. En materia de pesca alcanzouse o compromiso de recuperar en 2015 as reservas pesqueiras minguadas. Por último, subscibiuse o compromiso de crear unha rede de áreas mariñas protexidas en 2012. Estes acordos sobre pesca foron outros dos poucos éxitos do cumio.

## Comercio

Aínda que os acordos recollen a vontade dos países ricos de melloralo acceso ós mercados internacionais dos produtos agrícolas que producen os países do sur, en realidade non hai ningún compromiso sobre a apertura dos mercados nin a eliminación dos subsidios agrarios á exportación que compiten deslealmente cos produtos do sur, nin ningunha medida para atalla-la crise das materias primas agrícolas que lle afecta á subsistencia de millóns de produtores e produtoras do sur. Os países ricos coaccionan para que os países pobres abran os seus mercados, mentres protexen as súas propias economías con aranceis e subsidios.

# ¿Que é desenvolvemento sostible?

## ¿Que é desenvolvemento sostible?



O concepto de desenvolvemento sostible foi definido en 1987 pola Comisión Mundial sobre Desenvolvemento e Medio Natural como “o desenvolvemento que busca a solución das necesidades do presente sen comprometer os recursos das xeracións futuras para resolver as súas necesidades”. É dicir, a combinación do progreso coa equidade económica e social, dentro dos límites dos recursos naturais do mundo. Este desenvolvemento supón a aplicación de tres principios

fundamentais:

- A precaución, que implica tomar medidas preventivas que regulen o uso incontrolado dos recursos antes de que o dano ambiental sexa irreparable.
- A solidariedade entre as xeracións actuais e as futuras e entre todos os pobos do mundo.
- A participación dos actores sociais de todo o mundo nos mecanismos de toma de decisións e mais no seguimento das políticas.

## Pobreza insostible

### Pobreza insostible




Durante a década pasada, os principais esforzos dirixidos ó desenvolvemento enmarcáronse dentro da globalización da economía, especificamente, na liberalización do comercio. Isto aínda fixo máis grande a brecha entre ricos e pobres, e o desequilibrio social e económico resulta insostible para os países do sur. Como non hai ningunha convención internacional sobre a pobreza, moitos gobernos do sur usaron o cumio de Johannesburgo para reclamaren a redución da pobreza como un obxectivo de importancia mundial.

Unha das estratexias que contribuiría a reduci-la brecha sería o libre acceso dos produtos do sur ós mercados do norte, así

como a eliminación dos subsidios á exportación e as prácticas de dumping, competencia desleal que utilizan os países ricos. É dicir, que non haxa aranceis nin subvencións (no ano 2000 as subvencións para a produción no norte superaron os 400.000 millóns de euros, seis veces máis cá axuda para o desenvolvemento). Para esquivar a confrontación, os portavoces de Estados Unidos e os da Unión Europea sentenciaron que o cumio non era o espazo adecuado para discutir estes puntos. A pregunta entón é cando vai se-lo momento e o espazo para traballar pola redución dos desequilibrios sociais, económicos e ambientais no planeta.

## As propostas alternativas

### As propostas alternativas



Ante a falta de compromisos concretos por parte dos gobernos dos países do norte, o cumio de Johannesburgo contou coa participación activa de centos de organizacións non-gobernamentais que esixían un desenvolvemento sostible real, que pase pola eliminación da pobreza que lle afecta a unha parte substancial da humanidade e a inversión da grave tendencia actual de deterioración ambiental. A coalición internacional Eco-Equity, formada por ONG ecoloxistas e de desenvolvemento (como Greenpeace, Oxfam Internacional, WWF/ADENA e outras), formulou ante os gobernantes aquelas áreas nas que a acción é urgente.

- Apostar por novas fontes de enerxía renovables –que en 2010 xa deberían produci-lo 10% do consumo mundial de enerxía primaria– e establecer un programa para lles dar acceso ós servizos básicos enerxéticos ós 2.000 millóns de persoas que hoxe en día carecen deles.

- Estratexias cuantificables para mellorar as políticas de xestión da auga, encamiñadas a garantir que se preserven adecuadamente as reservas de auga potable e que sexan accesibles para todas as persoas, ademais de garantir o acceso a plans e a técnicas de saneamento.
- Incrementar a axuda para o desenvolvemento que, lonxe de alcanzar o compromiso internacional do 0,7% do PIB dos países desenvolvidos, caeu durante a última década ata un exíguo 0,22%.
- Avanzar na condonación da débeda externa, co fin de liberar recursos para investir en saúde e mais en educación.
- Reformar as políticas comerciais para que os países en desenvolvemento e os pequenos produtores de todo o mundo poidan aproveitar as posibilidades que lles ofrece o mercado.
- Establecer normas vinculantes que regulen a acción das empresas e lles esixan responsabilidades sociais e ambientais.

# Guía didáctica

## Guía didáctica

A proposta didáctica que achegamos está dirixida ó alumnado de educación secundaria. As actividades poden ser de utilidade para a área de sociais, de ética, titorías, etc., así como para calquera docente interesado no asunto. O obxectivo desta proposta é coñecer e analizar criticamente algúns dos temas abordados e os resultados obtidos no Cumio de Johannesburgo.

AUTORA: SIBILA VIGNA

### Actividade nº 1:

#### Presentación do Cumio da Terra

**Obxectivo:** Presenta-la temática e mailos obxectivos do Cumio de Johannesburgo; identifica-las ideas previas sobre os problemas do planeta; analiza-lo concepto de desenvolvemento sostible.

**Orientacións:** A observación da fotografía permite introducir o tema do Cumio da Terra e investigar coñecementos previos sobre o tema, situación xeográfica da reunión, etc. Na pregunta (2), ademais de comenta-la participación das delegacións oficiais e o obxectivo principal do cumio, sería importante destaca-la presenza de diversos movementos sociais, ONG, colectivos, etc. que estiveron involucrados no evento. As actividades (3 e 4) pretenden propiciar unha reflexión que facilite a posta en común das ideas previas sobre os problemas do planeta.

### Actividade nº 2:

#### A terra necesita solucións urxentes

**Obxectivo:** Aborda-las principais cuestións que se traballaron no Cumio da Terra a partir da identificación de datos concretos, obtidos da prensa, e a súa posterior análise.

**Orientacións:** Na actividade (5) preténdese que vinculen os datos obtidos dos medios de prensa coas seguintes cuestións: pobreza, auga, enerxías, medio natural e biodiversidade. É importante facilita-la interpretación e maila interrelación dos datos; por exemplo: o comercio internacional, o acceso á auga e á enerxía, e as diferencias de consumo entre países do sur e os do norte vincúlanse co problema da pobreza. Neste sentido pódense realizar diversas preguntas complementarias para cada tema: ¿cales son as causas da perda dos bosques?, ¿por que desaparecen especies animais e vexetais?, ¿de onde saen os gases que contaminan e que problemas producen?, ¿por que é inxusto o comercio entre os países ricos e os pobres?, ¿que consecuencias ten esta inxustiza para a poboación dos países pobres?...

Así mesmo, pódese buscar máis información sobre algún dos temas específicos. Posteriormente, analizarase o concepto de

desenvolvemento sostible (6): no boletín aparece un texto informativo.

### Actividade nº 3:

#### Resultados e desacordos

**Obxectivo:** Analizar algúns dos acordos que se obtiveron no Cumio da Terra e as reaccións que suscitaron; reflexionar sobre as causas da escaseza de resultados.

**Orientacións:** Ademais de identifica-las críticas do cumio pola falta de compromiso e de logros, sería importante destaca-la incidencia dalgúns actores do evento: líderes mundiais, multinacionais, ONG, etc. Con relación á fotografía, pódese complementa-la información explicando a actitude de EE.UU. fronte ó protocolo de Kyoto e os temas ambientais. Posteriormente, divídese a clase en grupos para le-la información e analizar algúns dos acordos tomados e inténtanse detecta-las carencias e as faltas de concreción. Na actividade (9) preténdese xera-la reflexión acerca dos intereses económicos e políticos existentes.

### Actividade nº 4

#### E nós, ¿que podemos facer?

**Obxectivo:** Fomenta-la reflexión acerca das responsabilidades individuais e colectivas con relación á deterioración do planeta; intercambiar ideas sobre accións que se poden emprender para contribuír a muda-la situación actual.

**Orientacións:** (10) Despois da lectura do texto divídese a clase en grupos pequenos para facilita-la achega de ideas. Pódéselles suxerir ós grupos a proposta de accións de sensibilización (coas familias, no barrio, etc.), de denuncia (se no barrio hai axentes contaminantes, por exemplo) ou de presión (escribirlles cartas ós gobernos, ás Nacións Unidas, etc.). Outra proposta para esta actividade é a utilización de diversos formatos creativos: cancións, carteis, pancartas, teatro, etc.

# Para saber máis...

## Para saber máis...

### Cinema:

#### A síndrome de China

James Bridges  
1978

### Libros:

#### Cambio climático

J. E. Llebot  
Rubes Editorial, 1988

#### Por una nueva educación ambiental

Fundación Ecología y Desarrollo  
Ed. Obra Social Caja Madrid, 2002

#### Local e sostible: a axenda 21 local en España

Núria Font e Joan Subirats (eds.)  
Ed. Icaria, 2000

## Páxinas web:

### Paxinas web:

#### Sobre medio natural e desenvolvemento sostible (en español)

[www.habitat.aq.upm.es](http://www.habitat.aq.upm.es)

[www.un.org/spanish/conferences/wssd/](http://www.un.org/spanish/conferences/wssd/)

[www.worldsummit.org.za](http://www.worldsummit.org.za)

[www.ecoterra.org](http://www.ecoterra.org)

[www.infoagro.net](http://www.infoagro.net)

[www.fao.org](http://www.fao.org)

[www.wwf.es](http://www.wwf.es)

[www.greenpeace.org](http://www.greenpeace.org)

#### En inglés

[www.worldwatch.org](http://www.worldwatch.org)

[www.ecouncil.ac.cr/](http://www.ecouncil.ac.cr/)

[www.undp.org/](http://www.undp.org/)

[www.unu.edu](http://www.unu.edu)

#### Outras páxinas interesantes

[www.geocities.com](http://www.geocities.com)

[www.cec.lu](http://www.cec.lu)


[www.fao.org](http://www.fao.org)

[www.intermonoxfam.org](http://www.intermonoxfam.org)

[www.oneworld.net](http://www.oneworld.net)

Visita a nosa web e descarga o ¡¡global express!!

[www.IntermonOxfam.org/educar/global](http://www.IntermonOxfam.org/educar/global)



Global Express pretende xerar preguntas entre os alumnos e as alumnas sobre o que contan os medios de comunicación. Trátase de promover unha visión crítica da realidade que lles permita comprende-lo estado do mundo e, en especial, a situación do mundo en desenvolvemento.

Global Express é unha iniciativa de: Development Education Project (Reino Unido), Panos Institute (Reino Unido), Centrum voor Mondiaal Onderwijs (Holanda), Centro Educazione Mondialità (Italia) e Intermón Oxfam (España).

Global Express está financiado pola Unión Europea.